

trisquei

xaneiro/marzo 2021 2ª tempada / nº 38

folla voante



Ola, familia Trisquei!

Saúdo

Iniciamos este terceiro trimestre aínda sen saber moi ben como vai desenvolverse, pero desde **AMENCER** gústanos manter, defender e construír esperanza.

Coidamos que é boa cousa seguir propoñendo camiños, actividades e proxectos que nos dean azos para seguir aproveitando todo aquilo que poidamos realizar, cumprindo loxicamente coma sempre a normativa hixiénico-sanitaria vixente.

E tamén cremos que é bo soñar, cos pés na terra, pero soñar. Somos fillas e fillos dun soñador: Xoán Bosco. Por iso nos informamos de que xa estamos soñando – planificando – os campamentos ao aire libre do verán para as vosas fillas e fillos que participan nos grupos de Saltimbanquis, Andaina, ADS e Catecumenado. Así que prestade atención, pois porémonos en contacto con vós neste trimestre para concretar datas e datos.

Mais nada, soamente desexarvos: Feliz Pascua de Resurrección!

Xulio C. Iglesias. Director da A.X. **AMENCER**



Recuncho das familias

SABÍAS QUE...

... durante as vacacións de Semana Santa, os días laborables pero non lectivos (é dicir: os días que hai traballo pero non escola) Amencer organizou tres proxectos de educación no tempo libre no que participaron máis de 300 rapaces/zas:

- IX Mañás de Semana Santa para nenos e nenas de 3 a 12 anos polas mañás de 09:00 a 14:00h.
- Proxecto "A Tope na Ponte" para rapaces e rapazas de 6 a 16 anos en horario de 17:15 a 20:00h, e
- Actividades internas para socios e socias de Amencer.

... que neste terceiro trimestre algo incerto aínda, e sen ter as datas fixas, ímosvos invitar a que participedes na festa do pano e na reunión de familias para dar a coñecer os campamentos de verán

EDUCANDO XUNTOS

Invitámosvos a que leades un pequeno [artigo de Ana T. Jack escrito en La voz de la escuela](#) aparecido no mes de febreiro, o mércores 24. O título é "¡Es que no me concentro!. La capacidad de atención se puede entrenar. Te proponemos diez estrategias sencillas para mejorarla a la hora de estudiar en casa". Coma sempre: Sinxelo, claro, breve e práctico. Podes descargalo na nosa páxina web www.amencer.org ou [premendo aquí](#).

COLABORACION FAMILIAR

En cada Folla Trisquei seguimos indicando unha acción concreta para estar máis implicados, como familia, en Amencer.

Para a campaña de verán invitamos ás familias que poidan que nos axuden na nosa promoción de axudas económicas para que rapaces/zas que non poden pagar un campamento poidan participar igualmente nel. Chamámoslle a esta campaña "**Cota 0**".

Consiste en que calquera familia que o desexe e teña recursos poida axudar a outra familia anónima dando unha cantidade de diñeiro que axude a participar nun campamento de verán a un rapaz/a que a súa familia non pode costearlo. Pode ser unha cota enteira, media, un cuarto ou o que se poida,... entre moitos poucos facemos un moito ben grande.



Os teus fillos e fillas, os protagonistas



Saltimbanquis






Andaina




ADS







Grupos xuvenís





E NESTE TRIMESTRE TEREMOS:

- festa dos Maíos
- xuntanza en Amencer
- festa de M^a Auxiliadora
- feira sen fume
- festa do Pano
- xinacana de auga
- saída fin de actividades
- ... e moito máis!



Calendario do terceiro trimestre

abril'21

9	SALTIMBANQUIS	Primeiros grandes inventos	18:00 a 19:30h
	CATECUMENADO 2º	Confirmacións	20:00h
10	ANDAINA	Xeocaching	11:15 a 13:00h
	ADS		
16	SALTIMBANQUIS	A Revolución	18:00 a 19:30h
	ANDAINA	Sports Andaina	
17	ADS	Autoescola Amencer	11:15 a 13:00h
23	SALTIMBANQUIS	A gran batalla	18:00 a 19:30h
24	ANDAINA	Xogos humanos	11:15 a 13:00h
	ADS	ADS Chef	

maio'21

30-2		ATP 1º maio	
2		Festa dos Maíos en Amencer	
8	SALTIMBANQUIS ANDAINA ADS	Xuntanza en Amencer	Consultar en Amencer. Horario a determinar
14-17		ATP Letras Galegas	
14	SALTIMBANQUIS	As nosas verbas	18:00 a 19:30h
	ANDAINA	O Desafío	
15	ADS	Marcho que teño que marchar	11:15 a 13:00h
21	SALTIMBANQUIS	Festa María Auxiliadora	18:00 a 19:30h
22	ANDAINA ADS		11:15 a 13:00h
28	SALTIMBANQUIS		18:00 a 19:30h
29	ANDAINA ADS	XII Feira sen fume	11:15 a 13:00h

xuño'21

5	TODOS	Festa do Pano	Consultar en Amencer
11	CATECUMENADO 1º	Confirmacións	20:00h
	SALTIMBANQUIS		18:00 a 19:30h
12	ANDAINA ADS	Xincana de auga	11:15 a 13:00h
19	SALTIMBANQUIS ANDAINA ADS	Saída fin de actividades	Consultar en Amencer. Horario a determinar
23	CATECUMENADO	Cacharelas San Xoán	

*todas as actividades deste calendario poden sufrir modificacións en función das restricións que se vaian adoptando para o concello de Ourense para facer fronte á crise sanitaria causada polo SARS-CoV-2. Consulta a web de amencer.org ou as nosas redes sociais para estar ao tanto

*Os grupos de Catecumenado teñen o seu ritmo propio de reunións semanais.

Durante este terceiro trimestre lanzaremos unha proposta de actividades de verán para os grupos Trisquel. Esta proposta será en función de como avance a situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, e cumprindo todas as medidas de prevención específicas dictadas polas autoridades competentes na Comunidade Autónoma de Galicia



MELLOR DITO

Por que, ademais de curarse en saúde, non utilizar expresións como sangrarse en saúde; non meterse en camisas de once varas; para que non haxa malos entendidos; para non correr riscos; para que non haxa volta de folia?



trisquel Folla voante abril-xuño 2021

Edita: Asociación Xuvenil Amencer
Praza D. Bosco, 1 - baixo
32003 - Ourense
Tfno. e fax: 988 218 123
Correo-e: amencer@amencer.org
Web: www.amencer.org

Director: Xulio César Iglesias
Mesa de Redacción: Equipo IEF Amencer
Deseño e Maquetación: Adrián R. Cruz
Corrección lingüística: Bibiana Martínez

Colaboran



Centro de Fisioterapia
Fisiovida



/axamencer

@axamencer

@axamencer